



BOP

SÁBADO, 6 DE FEBRERO DE 2010

Nº 30

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Delegación Territorial de Lugo

Resolución do 15 de xaneiro de 2010, do Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica "modificado nº 2 LMT. CT. RBT. de Ribeira, no Concello de Bóveda. (Expediente 012/2003 AT).

Examinado o expediente instruído a instancia de Unión Fenosa Distribución, S.A., con enderezo para os efectos de notificación na Batundeira 2, Velle, Ourense, aprécianse os seguintes:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- Con data do 7 de maio de 2003, a citada empresa solicita a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación dunha liña de media tensión, centro de transformación e rede aérea de baixa tensión en Ribeira (Bóveda), presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310) que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina o artigo 53 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico (BOE do 28 de novembro de 1997, núm. 285) e o artigo 143 do Real Decreto 1.955/2000, antes citado, que a desenvolve.

Segundo.- Examinado por este Departamento Territorial (naquelas datas Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria) o proxecto da instalación descrita, requiriuse á empresa promotora para que presentase modificación do mesmo, o que efectúa con data 20 de marzo de 2007 e, posteriormente, debido a dificultades técnicas xurdidas, con data 20 de febreiro de 2008 presenta o "modificado número 2 da LMT. CT. RBT. en Ribeira".

Terceiro.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Real Decreto

1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, mediante resolución da Delegación Provincial de Innovación e Industria de Lugo do 5 de maio de 2008. Esta resolución foi publicada no DOG do 27 de xuño, no BOP de Lugo do 23 de maio, no diario El Progreso de Lugo do 15 de maio, no taboleiro de anuncios da Delegación Provincial de Innovación e Industria e no taboleiro de anuncios do Concello de Bóveda. Con esta resolución se insería a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

Cuarto.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e se cumpriron os trámites establecidos a este respecto no artigo 131 do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro.

Quinto.- Durante o período en que se someteu ao trámite de información pública recibíronse as seguintes alegacións:

1.- Con data 26/05/2008, Avelino Novoa Rodriguez presenta escrito no que discrepa da calificación que se da ao terreo afectado e solicita a negociación dunha alternativa de trazado viable ou indemnización acorde cos danos e prexuízos que a liña proxectada ocasionaría á súa propiedade.

2.- Con data 09/06/2008 Juan Manuel Alonso Copa presenta escrito no que discrepa da calificación do terreo afectado e solicita a ubicación da "torreta" nun vértice do predio da súa propiedade.

3.- Con data 13/06/2008, José Luis Ramirez López presenta un escrito no que discrepa da servidume de paso que afecta a súa finca polo trazado da liña e, se deduce, que solicita unha variación do mesmo a fin de evitares a dita servidume.

Sexto.- Polos servizos técnicos da Delegación Provincial de Innovación e Industria emítese informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico, e o disposto no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se da ningun-

ha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000, en relación co artigo 57 da Lei 54/1997, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes:

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- O Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto 83/2009, do 21 de abril polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia; no Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico.

Segundo.- No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentarios ordenados nos capítulos II e V do título VII do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Terceiro.- Á vista das alegacións presentadas, da contestación ás mesmas por parte da empresa promotora e da restante documentación obrante no expediente, considerase que tales alegacións non impiden continuar coa tramitación do mesmo polas seguintes razóns:

1º.- En canto ás alegacións realizadas por Avelino Novoa Rodríguez é por Juan Manuel Alonso Copa, nas que discrepan da calificación que se da no proxecto á súas respectivas propiedades, e outras cuestións relativas ao tipo de cultivo, será no acto de realización das actas previas á ocupación cando se describan os bens e dereitos afectados, tal e como reflicte tanto a Lei de Expropiación Forzosa (Lei do 16 de decembro de 1954, BOE núm. 351 do 17 de decembro) como o Regulamento que a desenvolve (Decreto de 26 de abril de 1957, BOE núm. 160 do 20 de xuño).

2º.- Doutra banda, en relación á solicitude que formula Avelino Novoa Rodríguez, dunha alternativa de trazado viable hai que lembrar que a liña proxectada consiste na substitución doutra existente e discorre, na súa meirande parte, pola mesma servidume de paso que xa existe o que diminúe as posibles afeccións a terceiros. Ademais o trazado foi proposto, como lle corresponde (artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000) polo autor do proxecto técnico co fin de acadar a solución óptima para o conxunto da instalación e de cumprir coa normativa vixente aplicable á materia, o que queda acreditado co informe favorable elaborado polos servizos técnicos deste Departamento

Territorial e que obra no expediente. Tamén consta no mesmo que non existe limitación á imposición dunha servidume de paso sobre os predios afectados (informe de data 11-04-2008) e, en todo caso, non é posible admitir unha proposta de variación que non se formule dun xeito concreto e que acredite que concorren, conxuntamente, os requisitos establecidos no artigo 161-2º do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro. Con este mesmo razonamento dase por contestada a alegación de José Luis Ramirez López.

3º.- Por último, en canto ao alegado por Juan Manuel Copa Alonso sobre a colocación dunha "torreta" na súa leira, non está prevista, xa que segundo consta no informe dos servizos técnicos deste Departamento Territorial de data 13 de maio de 2009, "a leira afectada polo proxecto só resulta afectada polo voo da liña, mais concretamente por 1 metro liñal da mesma e 33 metros de servidume de voo".

Cuarto.- Consonte o artigo 151 do citado Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co que antecede e en virtude das competencias que ten atribuídas, este Departamento Territorial.

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar a Unión Fenosa Distribución, S.A. o establecemento da liña de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión en Ribeira, no Concello de Bóveda, coas seguintes características técnicas principais:

1.- Liña de media tensión aérea desnuda ao centro de transformación Ribeira, con orixe no P3 da LMT. ao CT. Ribeira e final no CT. de Ribeira, de 1,374 km. de lonxitude, a 20 kV sobre apoios de formigón, en condutor LA-56/54,6 mm².

2.- Centro de transformación intemperie de Ribeira de 50 kV de potencia e relación de transformación 20 kV/380-220 V.

3.- Rede de baixa tensión aérea en Ribeira de 1,185 km. de lonxitude, con orixe no centro de transformación Ribeira, sobre apoio de formigón, en condutor RZ.

Segundo. Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica denominado "modificado nº 2 LMT. CT. RBT. de Ribeira" visado o día 30/01/2008 co número CO 080327, e asinado polo enxeñeiro industrial, Rubén Menéndez Fernández.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da administración se dea comezo,

na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 15 de maio de 2008, no Diario Oficial de Galicia do 27 de xuño de 2008 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 23 de maio de 2008 e expostas no taboleiro de anuncios da Delegación Provincial de Innovación e Industria e no taboleiro de anuncios do Concello de Bóveda. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións, que se consideren oportunas aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante este Departamento Territorial (sito no edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, código postal 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.- As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no modificado nº 2 LMT. CT. RBT. de Ribeira, presentado pola empresa Unión Fenosa Distribución, S.A.

Segunda.- O peticionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira.- En todo momento deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Decreto 3.151/1968, do 28 de novembro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.- Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa deste Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria.

Quinta.- O prazo para a execución das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de notificación/publicación desta resolución.

Sexta.- A Administración reserva para sí o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1.775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Sétima.-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

A publicación desta resolución se realiza tamén para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva na vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación nos termos establecidos nos artigos 107, 110, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Lugo, 15 de xaneiro de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 00448

Resolución do 15 de xaneiro de 2010, do Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica "modificado nº 1 LMT. CT. RBT. en Mesonfrío", no Concello de Taboada. (Expediente 019/2006 AT).

Examinado o expediente instruído a instancia de Unión Fenosa Distribución, S.A., con enderezo para os efectos de notificación na Batundeira 2, Velle, Ourense, aprécianse os seguintes:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- Con data do 15 de setembro de 2006, a citada empresa solicita a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación dunha liña de media tensión, centro de transformación e rede aérea de baixa tensión en Mesonfrío (Taboada), presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, (BOE 27 de decembro do 2000, núm. 310) que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina o artigo 53 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico (BOE do 28 de novembro de 1997, núm. 285) e o artigo 143 do Real Decreto 1.955/2000, antes citado, que a desenvolve.

Segundo.- Con data 13 de abril de 2007 o promotor presenta o modificado nº. 1 ao proxecto, motivado polo informe desfavorable que emitiu en data 11 de decembro de 2006 a Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Cultura e Deporte. Así mesmo con datas 18-01-2008 e 05-06-2008 o promotor presenta anexos nº I e II o modificado nº 1 para subsanar as deficiencias sinaladas nos informes técnicos da Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de 29-11-2007 e 04-04-2008 respectivamente.

Terceiro.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, mediante resolución da Delegación Provincial de Innovación e Industria de Lugo do 11 de agosto de 2008. Esta resolución foi publicada no DOG do 19 de setembro, no BOP de Lugo do 2 de setembro, no diario El Progreso de Lugo do 26 de agosto, no taboleiro de anuncios da Delegación Provincial de Innovación e Industria e no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada. Con esta resolución se insería a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

Cuarto.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e se cumpriron os trámites establecidos a este respecto no artigo 131 do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro.

Quinto.-Durante o período en que se someteu ao trámite de información pública recibíronse as seguintes alegacións:

1.- Modesto Pérez Vázquez presenta o 09/09/2008 escritos nos que, en esencia, alega o menosprezo e perda de valor que para as súas finca (nºs. 1, 3 e 8) deriva da imposición sobre as mesmas dunha servidume de paso por mor da liña eléctrica proxectada.

Sexto.- Polos servizos técnicos da Delegación Provincial de Innovación e Industria emítese informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico, e o disposto no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se da ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000, en relación co artigo 57 da Lei 54/1997, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes:

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- O Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; no Decreto 83/2009, do 21 de abril polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia; no Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia; no Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico.

Segundo.- No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada Lei 54/1997, e os regulamentarios ordenados nos capítulos II e V do título VII do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Terceiro.- Á vista das alegacións presentadas, da contestación ás mesmas por parte da empresa promotora e da restante documentación obrante no expediente, considerase que tales alegacións non impiden continuar coa tramitación do mesmo polas seguintes razóns:

1º.- As alegacións formuladas por Modesto Pérez Vázquez sobre demérito das fincas da súa propiedade afectadas polo proxecto resultan extemporáneas toda vez que a indemnización polo valor dos bens e dereitos a expropiar se determinará, consonte ao previsto no capítulo II da Lei de Expropiación Forzosa, do 16 de decembro de 1954, polo Xurado de Expropiación de Galicia, logo de constituirse nas leiras respectivas as correspondentes actas previas á ocupación e da incorporación das follas de taxación contradictorias que presenten as partes ás pezas separadas.

Cuarto.- Consonte o artigo 151 do citado Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co que antecede e en virtude das competencias que ten atribuídas, este Departamento Territorial

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar a Unión Fenosa Distribución, S.A. o establecemento da liña de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión en Mesonfrío, no Concello de Taboada, coas seguintes características técnicas principais:

1.- L.M.T. aérea desnuda ao C.T. Mesonfrío II, con orixe no HVH nº 69 e final no C.T. Mesonfrío II, de 339 m. de lonxitude, a 20 kV sobre apoios de formigón, en condutor LA-56/54,6 mm².

2.- C.T. intemperie Mesonfrío II, de 100 kVA de potencia e relación de transformación 20 kV/ 400-230V.

3.- R.B.T. aérea do C.T. Mesonfrío II de 1,650 km. de lonxitude, con orixen no apoio nº 3, sobre apoios de formigón, en condutor RZ.

4.- R.B.T. aérea do C.T.C. Mesonfrío de 0,360 km. de lonxitude, con orixe no C.T. caseta existente, sobre apoios de formigón, en condutor RZ.

5.- R.B.T. subterránea do C.T. Mesonfrío II de 0,163 km. de lonxitude, con orixen no C.T. Mesonfrío II, en condutor RV.

Segundo. Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica denominado "modificado nº 1 LMT. CT. RBT. en Mesonfrío" visado o día 29/03/2007 co número COO70971 e os seus anexos, asinados polo enxeñeiro industrial Rubén Menéndez Fernández.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso do 26 de agosto de 2008, no Diario Oficial de Galicia do 19 de setembro de 2008 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 2 de setembro de 2008 e expostas no taboleiro de anuncios da Delegación Provincial de Innovación e Industria e no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións, que se consideren oportunas aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante este Departamento Territorial (sito no edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, código postal 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.- As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no modificado nº 1 LMT. CT. RBT. en Mesonfrío e os seus anexos, presentados pola empresa Unión Fenosa Distribución, S.A.

Segunda.- O peticionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira.- En todo momento deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Decreto 3.151/1968, do 28 de novembro,

así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.- Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa deste Departamento Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria.

Quinta.- O prazo para a execución das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de notificación/publicación desta resolución.

Sexta.- A Administración reserva para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1.775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Sétima.- Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

A publicación desta resolución se realiza tamén para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación nos termos establecidos nos artigos 107, 110, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Lugo, 15 de xaneiro de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 00449

Resolución de 19 de enero de 2010 del Departamento Territorial de Lugo, por la que se somete a información pública la petición de autorización de la instalación eléctrica del Ayuntamiento de Monforte de Lemos. (Expediente: IN407A 2009/148-2-7439-AT).

A los efectos previstos en la Ley 54/1997 del 27 de noviembre y en el Real Decreto 1.955/2000, de 1 de diciembre, se somete a información pública la petición de autorización de la instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.
- Domicilio social: A BATUNDEIRA, 2, 32960, VELLE, OURENSE.
- Denominación: LMTS A CS HOSPITAL.
- Situación: AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS.
- Características técnicas:
 - Línea de media tensión subterránea a 20 kv con origen en la LMTS existente MOF8061398 entre el CT Ir-máns da Pena y el CS Abeledos y final en el CS Hospital, con una longitud de 324 metros, en conductor RHZ-240.

Todas aquellas personas o entidades que se consideren afectadas podrán presentar sus alegaciones, en este Departamento Territorial, en el plazo de veinte días.

Lugo, 19 de enero de 2010.- El Jefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 00450

Resolución do 8 de xaneiro de 2010 do Departamento Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica do Concello de Bóveda. (Nº expte: IN407A 2009/ 82-2-7501-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.
- Domicilio social: A BATUNDEIRA, 2, 32960, VELLE, OURENSE.
- Denominación: RETRANQUEO LMT POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÓVEDA.
- Situación: CONCELLO DE BÓVEDA.
- Características técnicas:
 - LMTS 20 kv con orixe no apoio Nº 140 da LMT existente MOF802 (Sarria 2) da subestación de Monforte e final no CT existente PE de Bóveda (27CH88), cunha lonxitude de 164 metros, en conductor RHZ1-240.

- Seccionamento para LMT proxectada consistente na instalación dun seccionador SXS no apoio de formi-gón no que ten orixe a liña proxectada.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 8 de xaneiro de 2010.- O Xefe Territorial, José Manuel Vázquez Leirado.

R. 00451

—
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio
 e Infraestructuras**

AUGAS DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Información pública

Anuncio

Dª Hermelina Pillo Montesinos, con N.I.F. 33.667.491-E, solicita de Augas de Galicia un caudal de 0,232 litros/segundo de augas dun manancial "Ollo da Fonte" ou "Chao dos Cotelos" en Toxoso de Arriba-Ambosores, no Concello de Oural (Lugo) e con destino a uso doméstico para 4 persoas e rega de 1,25 hás. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A27.05224.

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Dª Hermelina Pillo Montesinos.

CAUDAL: 0,232 l/seg.

DESTINO: Uso doméstico para 4 persoas e rega de 1,25 hás.

ORIXE: Manacial "Ollo da Fonte" ou "Chao dos Cotelos".

LUGAR: Toxoso de Arriba-Ambosores.

CONCELLO: Oourol.

As augas captaranse directamente da poza que se xera polas augas que afloran do manacial. As augas de abastecemento conduciranse ata a vivenda da solicitante mediante tubaria de 20 mm. de diámetro e 230 m. de lonxitude, cun depósito de abastecemento intermedio. Para a rega as augas derívanse mediante un canal a ceo aberto que parte da poza citada.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Oourol ou nas oficinas deste Servizo, situadas na Ronda da Muralla nº 70-2º, 27071, Lugo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 19 de xaneiro de 2010.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 00447

Excma. Deputación Provincial

Servizo de Cultura e Deporte

CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL OUTORGADAS POLA PRESIDENCIA DESTE ORGANISMO PROVINCIAL CORRESPONDENTES Á ANUALIDADE 2009 Á ENTIDADES LOCAIS.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia, así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de referencia e no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, se da publicidade ás subvencións directas de carácter excepcional concedidas pola Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo referidas á anualidade 2009.

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
CONCELLO DE ALFOZ	OBRA: INSTALACIÓN DUN SISTEMA AUTOMÁTICO DE REGO NO CAMPO DE FUTBOL	16872,93
CONCELLO DE BECERREÁ	OBRA: COLOCACIÓN DE TARIMA E RODAPÉ NA CASA DA CULTURA	17530,5
CONCELLO DE BECERREÁ	CELEBRACIÓN III ENDURO CONCELLO DE BECERREÁ - CAMPEONATO ESPAÑA	20000
CONCELLO DE CASTROVERDE	OBRA: CONSTRUCCIÓN DE PISCINAS DESCOBERTAS E VESTIARIOS EN "VEIGA DO OLMO"	711279,53
CONCELLO DE GUITIRIZ	OBRA: ACONDICIONAMENTO DO CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL "A VEIGA"	57643,81
CONCELLO DE MONFORTE	ACONDICIONAMENTO DO COLEXIO FUNDACIÓN EDUCATIVA DIVINA PASTORA	16291
CONCELLO DE MONFORTE	OBRA: REFORMA INTEGRAL DO CAMPO DE FUTBOL "LUIS BODEGAS" (FASE II)	400000
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	PINTURA DUN MURAL NO CENTRO DO VIÑO	12840
CONCELLO DE MONTERROSO	REDACCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO PARA CONSTRUCCIÓN POLIDEPORTIVO	47218,7
CONCELLO DE O CORGO	OBRA: REHABILITACIÓN DA FONTE SITA O LADO DO COLEXIO DE QUEIZÁN E ...	12367,92
CONCELLO DE O CORGO	OBRA: AMPLIACIÓN, DRENAXE E REGO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL	20000
CONCELLO DE POBRA DO BROLLÓN	SUBV PLURIANUAL OBRA: REHABILITACIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL	470357,88
CONCELLO DE RIOTORO	OBRA: AMPLIACIÓN E REFORMA DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL	305331,8
CONCELLO DE SARRIA	OBRA: REFORMA DE DÚAS PISCINAS NA ÁREA RECREATIVA DE O CHANTO	93000
CONCELLO DE VALADOURO	OBRA: INSTALACIÓN CAMPO DE F7 NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL	80000
CONCELLO DE VIVEIRO	SUBV PLURIANUAL OBRA: "CAMPO DE FÚTBOL DE VIVEIRO"	439056,01

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a 29 de xaneiro de 2010.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO XERAL, Faustino Martínez Fernández.

R. 00494

AYUNTAMIENTOS**BECERREA***Información pública*

Aprobado provisoriamente polo Pleno deste Concello en sesión de data 21 de xaneiro de 2010 a modificación do regulamento do servizo de axuda no fogar de Becerreá, o referido acordo de aprobación e texto modificado do regulamento, expóñense ó público polo prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación.

Becerreá, 25 de xaneiro de 2010.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 00415

BURELA*Anuncio*

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 25 de xaneiro do 2010, o padrón do servizo de augas, sumidoiro e lixo, do 6º bimestre do exercicio 2009, expone ó público a efectos de exame e reclamacións polo prazo de quince días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 10 de febreiro ata o 9 de abril do 2010.

Burela, 27 de xaneiro do 2010.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 00417

CASTROVERDE*Edicto*

Aprobado definitivamente polo Pleno deste Concello, o orzamento para o exercicio económico de 2010, por acordo adoptado na sesión que tivo lugar o día 17 de decembro de dous mil nove, por non terne presentado reclamacións ó mesmo, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos coma en ingresos, á contía de un millón novecentos vinte e tres mil setecentos noventa e tres euros con dezaseis céntimos de euro (1.923.793,16), correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan,:

ORZAMENTO DE INGRESOS**OPERACIÓNS CORRENTES.**

Capítulo	Denominación	Euros
1	Impostos directos	396.901,62
2	Impostos indirectos	36.000,00
3	Taxas e outros ingresos	184.608,00
4	Transferencias correntes	798.689,83
5	Ingresos patrimoniais	21.439,70
OPERACIONES DE CAPITAL.		
7	Transferencias de capital	486.154,01
	TOTAL INGRESOS	1.923.793,16

ORZAMENTO DE GASTOS**OPERACIÓNS CORRENTES.**

Capítulo	Denominación	Euros
1	Gastos de personal	492.596,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	782.519,00
3	Gastos financeiros	16.390,63
4	Transferencias corrientes	34.340,00

OPERACIÓNS DE CAPITAL.

6	Investimentos reais	550.447,53
7	Transferencias de capital	12.000,00
9	Pasivos financeiros	35.500,00
	TOTAL GASTOS	1.923.793,16

Na referida sesión acordouse tamén, a aprobación do cadro de persoal.

A) Funcionarios de carreira:

	DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓNS	GR	SIT.	RX
1					
1.1	Subescala Secretaría-Intervención	1	A1/A2	O	F
2					
2.3	Subescala Administrativa	1	C1	O	F
2.4	Subescala Auxiliar	1	C2	V	F
		1	C2	V	F
2.5	Conserxe-encargado servizos	1	AP	O	F
	Subescala Subalterna	1	AP	V	F
3					
3.1	Subescala Técnica.				
3.1.2	Técnicos Medios: Traballador/a Social	1	A2	V	F
3.2.3	Prazas de servizos especiais:				
	Auxiliar de Policía local "a extinguir"	1	AP	O	F

B) Persoal Laboral Fixo:

DENOMINACIÓN PRAZA	NÚMERO	GR	SIT.	R.X.
Operario/a de Servizos Múltiples	1	AP	O	L
Operario/a-Limpador/a	2	AP	V	L

C) Persoal temporal:

DENOMINACIÓN POSTO CONXUNTURAL	Nº EFECTIVOS	R.X.
Auxiliares axuda no fogar	5	L.T
Axente de desenvolvemento local	1	L.T

RESUMO DO EMPREGO ESTRUTURAL E CONXUNTURAL	Nº
Total Dotacións das Prazas de Funcionarios de Carreira:	8
Total Dotacións das Prazas de Persoal Laboral Fixo:	3
Total efectivos do emprego conxuntural ou temporal:	6
TOTAL:.....	17

CERVO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 40/2010

D. ALFONSO VILLARES BERMÚDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CERVO (LUGO).

Dada a necesidade de proceder á delegación de competencias que esta Alcaldía ten atribuídas co obxecto de facilitar o funcionamento de Goberno municipal e conseguir unha maior axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno.

Considerando, que a posibilidade de delegar competencias da Alcaldía está contemplada expresamente no artigo 21.3 e artigo 124.5 LRBRL pudiendo efectuarse a favor da Xunta de Goberno Local, do seus membros, dos demais concelleiros e, no seu caso, dos directores xerais, coordinadores xerais ou órganos similares.

Considerando que son susceptibles de delegación todas as competencias que o artigo 21 LRBRL enumera, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local, decidir os empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o personal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedido do personal laboral e as enunciadas nos parágrafos a) e) j) k) l) m) do apartado 1 do artigo 21 LRBRL.

Considerando que o apartado n) do artigo 21 LRBRL sinala que o Alcalde ostenta a atribución de sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

Considerando que corresponde a Alcaldía a competencia para a adopción desta Resolución conforme ó previsto no artigo 124.5 por ser o órgano titular da competencia:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar na 2ª tenente de Alcalde Dª Mª Concepción Pilar Armada Carrete as competencias sancionadoras atribuídas a esta Alcaldía por infracción das normas sobre Ordenación e Control do Tráfico nas vías urbanas de titularidade municipal.

A delegación a que se refire o artigo anterior comprende as fases procedimentais de iniciación e resolución, correspondendo a instrucción dos expedientes sancionadores ó cabo de Policía Local con carácter accidental D. Jesús Eleuterio Loredó Gueimunde.

Contra as resolucións que nesta materia dicte o tenente de Alcalde caberá a interposición do recurso administrativo ordinario ante esta Alcaldía nos casos e formas previstos regulamentariamente.

SEGUNDO.- A delegación comprende a totalidade dos actos precisos para o exercicio da competencia sen restricción algunha, sendo revocable en calquera momento polo órgano delegante.

TERCEIRO.- A delegación producirá efecto dende o día seguinte a data desta Resolución, sen prexuízo da

súa necesaria publicación e da toma de coñecemento, no seu caso, polos órganos delegados.

CUARTO.- A publicación desta Resolución no BOP para xeral coñecemento e, no seu caso, a notificación personal ós interesados ós efectos oportunos.

Cervo, 27 de xaneiro de 2010.- O Alcalde-Presidente, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 00443

GUNTÍN DE PALLARES

Resolución da Alcaldía

Vista a Resolución de 23 de decembro de 2009 que di:

“Vista a acta do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a provisión dunha praza de persoal laboral fixo como OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES do Concello de Guntín mediante concurso de méritos de data 10 de decembro de 2009, na que propoñen a D. José Antonio Somoza Castro, con D.N.I. nº.: 33.335.696-W para cubrir a mencionada praza por ser o aspirante que acadou unha maior puntuación.

Vista a documentación achegada por D. José Antonio Somoza Castro previa á formalización do contrato de traballo según se recolle na base oitava das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 157 de 10 de xullo de 2009.

RESOLVO:

Que se proceda á formalización do contrato de traballo de D. José Antonio Somoza Castro con D.N.I. nº.: 33.335.696-W como persoal laboral fixo para o posto de OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES, sendo o PRIMEIRO MES en período de probas (tal e como recolle a base décima das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 157 de 10 de xullo de 2009), superado satisfactoriamente o citado período de probas elévese a definitivo este contrato.

Guntín, a vinte e tres de decembro de dous mil nove.”

Visto que en data 23/12/2009 se asinou o correspondente contrato con efectos de data 24/12/2009.

Visto que transcorreu o período de probas,

ACORDEI:

1.- Elevar a definitivo o contrato de traballo de D. José Antonio Somoza Castro D.N.I. nº.: 33.335.696-W como persoal laboral fixo para o posto de OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES.

Guntín, 25 de xaneiro de 2010.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 00442

LUGO

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Dona Asunción Fórneas Montero e don Higinio López Cedrón, solicitaron desta Alcaldía licenza municipal para a instalación de corte de gando vacún de carne e fosa de zurro en San Vicente de Coeo núm. 31.

Cumprindo o disposto no apartado 3 do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días, a fin de

que durante o mesmo -que empezará a contarse desde o día seguinte ó da publicación do presente edicto-, poida examinarse o expediente no Servizo de Licenzas, polas persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Lugo, 18 de decembro de 2009.- A DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO, María Novo Pena.

R. 00444

MONFORTE DE LEMOS

Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, publícase notificación da resolución sancionadora dictada nos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizala notificación, despois de intentala no domicilio coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expediente.

Nº Expediente	NIF Infractor	Nome e apelidos	Municipio	Data/Hora Infracc.	Art/Lei/Apd	F.ND/F.	Importe
425/2009	34265099K	JORGE RODRIGUEZ SANTIAGO	LUGO	12/08/2009 / 20:20	91 / RGC	0	91,00
S284/2009	B 74190877	BAYMAR MOTOR SL	SIERO	02/10/2009 /	72 / LSV	0	310,00
442/2009	34961580Q	CAMPOS RAMOS ANA MARIA	OURENSE	27/08/2009 / 19:29	171 / RGC	0	60,00
483/2009	34244514K	RODRIGUEZ MACIA ANTONIO	MONFORTE DE LEMOS	24/09/2009 / 19:38	171 / RGC	0	60,00
486/2009	34214714Y	FERNANDEZ GALLEGO MANUEL	MONFORTE DE LEMOS	03/11/2009 / 20:13	171 / RGC	0	60,00

Contra o precedente acto de imposición de sanción só poderá interpoñerse recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou a resolución impugnada dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da presente publicación, tendo carácter obrigatorio previo ó recurso contencioso-administrativo (art. 14.2 RDL 2/2004 de 5 de marzo e 108 da Lei 7/1985 de 2 de abril).

O recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación da resolución que poña fin ó recurso de reposición, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou da circunscrición na que teña o seu domicilio o sancionado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998 de 13 de xullo).

Se non se producira resolución expresa do recurso de reposición, o recurso contencioso-administrativo poderase interpoñer no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquél no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso previo de reposición. Non obstante, poderase interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente con arreglo a dereito.

A sanción poderá facerse efectiva na súa totalidade dentro dos 15 días seguintes á presente publicación. Transcorrido o prazo establecido para o pago en periodo voluntario, o seu cobro realizarase co recargo correspondente, costas e xuros de demora, de conformidade co establecido nos artigos 161.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e 21.2 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro.

Lugar e forma de pagamento: En calquera sucursal da rede de oficinas Caixa Galicia.

Monforte de Lemos, 21 de xaneiro de 2010.- O Alcalde - Presidente, Severino Rodríguez Díaz.

R. 00412

Edicto

De conformidade co disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de novembro de 1992), faise pública notificación da iniciación dos expedientes sancionadores que se indican, instruídos por este Concello, ás persoas ou entidades denunciadas que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último enderezo coñecido, esta non se puido practicar.

O órgano instrutor do procedemento é a Unidade de Sancións do Concello e o órgano competente para a súa resolución é o Ilmo. Sr. Alcalde, de conformidade co disposto no art. 69.2 do Real Decreto 339/1900, de 2 de marzo.

Nº Expediente	NIF Infractor	Nome e Apelidos	Municipio	Data/Hora Infracc.	Art/Lei/Apd	Importe
441/2009	52348834Y	GARCIA MARTINEZ MAGDALENA	SANT CUGAT DEL VALLES	31/08/2009 / 10:22	91 / RGC 0	91,00
540/2009	36120379Y	ALBENIZ AREAN ISAAC	VIGO	07/11/2009 / 13:22	171 / RGC 0	60,00
578/2009	33739414R	ABUIN FERREIRO FRANCISCO	A CORUÑA	21/11/2009 / 23:41	91 / RGC 0	91,00
580/2009	37271657L	RODRIGUEZ GONZALEZ ERIBERTO	MONFORTE DE LEMOS	27/10/2009 / 19:35	20 / RGC 4	600,00
594/2009	B 36980647	RIVAS ALMIRON SL	VIGO	23/11/2009 / 09:55	154 / RGC 0	90,00
684/2009	X07987591J	PARASCA ARON GABRIEL	MONFORTE DE LEMOS	09/12/2009 / 19:00	91 / RGC 0	91,00
686/2009	34269649	FERNANDEZ MAZAIRO JOSE AGUSTIN	MONFORTE DE LEMOS	15/12/2009 / 20:25	171 / RGC 0	60,00

No caso de disconformidade coa denuncia, ó amparo do art. 79.1 do RDL 339/1990, o denunciado poderá formular alegacións no prazo de quince días hábiles desde a presente publicación, que serán presentadas ou remitidas ó Rexistro Xeral do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de San Antonio s/n, Monforte de Lemos, Lugo. No suposto de non presentar alegacións dentro do prazo establecido o contido da presente notificación transformárase automaticamente en proposta de resolución ó amparo do establecido no artigo 13.2 do RD 1.398/1993 de 4 de agosto.

Conforme ó establecido no art. 72 do RDL 339/1990 na súa redacción dada pola Lei 17/2005, de 19 de xullo, o titular do vehículo ten o deber de identificar ó conductor do mesmo, no prazo de 15 días desde a presente publicación, indicando o seu nome completo, DNI e domicilio. Se non se identifica ao conductor, o titular será sancionado como autor de falta moi grave (301,00 € ata 1.500,00 €)

O titular do vehículo responderá tamén como autor de falta moi grave cando non sexa posible notificala denuncia ó conductor que se identifique por causa imputable a dito titular.

Só poderá interpoñer alegacións e recursos procedentes o conductor responsable da infracción.

A sanción poderá facerse efectiva cunha redución do 30% sobre a contía correspondente que se consignara no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior de dita denuncia, sempre que dito pagamento se efectúe dentro dos 30 días naturais seguintes á presente publicación deste edicto, e advírteselle de que ese pagamento, implica a renuncia a formular alegacións e supón a terminación do procedemento sen necesidade de dicar resolución expresa, salvo que poida impoñer, ademais, a suspensión do permiso ou licenza de conducir.

Lugar e forma de pago: En calquera sucursal da rede de oficinas Caixa Galicia mediante carta de pago que pode obter na Oficina de Recadación do Concello de Monforte de Lemos, sita na rúa Tecelanes, nº 2, baixo (27400- Lugo). Teléfono 982 41 62 08.

O que se publica para coñecemento dos interesados.

Monforte de Lemos, 21 de xaneiro de 2010.- O Alcalde-Presidente, Severino Rodríguez Díaz.

Edicto

En cumprimento do resolto por esta Alcaldía no expediente de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes que se cita a continuación, e en aplicación do artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, notifícase dita resolución, que textualmente di:

“VISTO o expediente de BAIXA DE OFICIO POR INSCRICIÓN INDEBIDA no Padrón Municipal de Habitantes correspondente aos habitantes que se citan.

VISTA a documentación que consta no expediente e o INFORME FAVORABLE DO CONSELLO PROVINCIAL DE EMPADROAMENTO, acordado en reunión celebrada o doce de maio.

VISTA a Resolución de 9 de abril de 1997, do Ministerio da Presidencia, pola que se publica a resolución conxunta da Presidenta do Instituto Nacional de Estadística e o Director Xeral de Cooperación Territorial, pola que se dictan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión e revisión do Padrón Municipal, apartado de baixas de oficio, esta Alcaldía,

RESOLVE A BAIXA DE OFICIO, POR INCLUSIÓN INDEBIDA, DE:

1.- MARÍA MERCEDES RODRÍGUEZ PÉREZ.

2.- ANTONIO RODRÍGUEZ PÉREZ.

EXPTE. NÚM. 08/2009.

Domicilio de empadramento: Piñeira-Casas de Baixo núm. 6.

Roberto Baamonde núm. 42-4º.

Déase traslado desta resolución ao Instituto Nacional de Estadística e aos interesados notificándolles os recursos que contra a mesma poidan interpoñer.

Mandouno e asíno o Sr. Alcalde en Monforte de Lemos, a día avintedous de setembro de dous mil nove do que eu, Secretario, dou fe.”

Tamén en cumprimento do resolto notifícaselles que contra a devandita resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderán interponer os seguintes recursos: contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á aparición deste edicto no Boletín Oficial da Provincia; neste caso terán que comunicalo previamente por escrito á Alcaldía deste Concello, segundo dispón o art. 110.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para a súa acreditación perante o órgano xurisdiccional antes citado, advertíndolle que tamén poderán utilizar calquera outro recurso que estimen convinte e exercer as accións que procedan perante a xurisdicción competente.

Monforte de Lemos, a 21 de xaneiro de 2010.- O ALCALDE, ilexible.

R. 00414

—————
RIORTORTO

Edicto

Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 25/01/2010 o expediente de tanatorio, promovido por este Concello, exponse o público o mesmo polo prazo de 15 días hábiles a contar dende o do seguinte da última inserción deste edicto no periódico O Progreso, taboleiro de anuncios e BOP.

De non producirse reclamacións durante a exposición pública, entenderase definitivamente aprobado o expediente no que consta o proxecto técnico das obras.

Riortorto, 28 de xaneiro de 2010.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.

R. 00499

—————
SAMOS

O Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 4 de decembro de 2009 aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar.

De conformidade co establecido no art. 17.1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ábrese un trámite de información pública por prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP, dentro do que os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Samos, a 20 de xaneiro de 2010.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 00416

—————
O Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 4 de decembro de 2009 aprobou provisionalmente a modificación do regulamento regulador dos ficheiros de datos de carácter persoal.

De conformidade co establecido no art. 17.1 e 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ábrese un trámite de información pública por prazo de trinta días, a contar desde o seguinte ó da publicación do presente edicto no BOP, dentro do que os interesados

poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Samos, a 20 de xaneiro de 2010.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 00420

—
SOBER

Edicto

Asunto: Elección de Juez de Paz sustituto.

D. José Gómez Vázquez, Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Sober, hago saber:

Que corresponde al Pleno del Ayuntamiento elegir las personas para ser nombradas Juez de Paz, titular y sustituto de este municipio, de conformidad a lo que disponen los artículos 101 y 102 de la Ley Orgánica del Poder Judicial y artículo 4 y 5.1 del Reglamento 3/1995, de 7 de junio, de los Jueces de Paz.

Que se abre un plazo de quince días hábiles para que las personas que estén interesadas, y reúnan las condiciones legales lo soliciten por escrito dirigido a esta Alcaldía.

Que en la Secretaría del Ayuntamiento puede ser examinado el expediente y recabar la información que se precise en cuanto a requisitos, duración del cargo, remuneración, etc.

Que en caso de no presentarse solicitudes, el Pleno de la Corporación elegirá libremente.

Lo que se publica para general conocimiento.

En Sober, a 27 de enero de 2010.- El Alcalde-Presidente, José Gómez Vázquez.

R. 00445

—
TRABADA

Anuncio sobre apertura de prazo para presentación de solicitudes para Xuíz de Paz titular de Trabada.

Poderán presentar solicitudes para provisión do posto de Xuíz de Paz titular, de conformidade co disposto no art. 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, as persoas que reúnan os requisitos esixidos no art. 302 da citada Lei (ser español e maior de idade), coas limitacións que se establecen no art. 303 como causas de incapacidade.

A solicitude presentárase, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ó da súa publi-

cación no BOP, nas oficinas municipais de 9:00 a 14:00 horas, e unirase a ela a seguinte documentación:

1º Certificado de nacemento e DNI ou copia computada do mesmo.

2º Certificado expedido polo rexistro de penados e rebeldes, de declaración complementaria referente a se se atopa inculcado ou procesado (art. 2 da Lei 68/1980).

3º Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

Trabada, a 28 de xaneiro de 2010.- O Alcalde, José Manuel Yanes Ginzo.

R. 00446

—
O VALADOURO

Edicto

Quedando definitivamente aprobado o Regulamento interno da emisora municipal de O Valadouro, segundo acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión ordinaria de data 27 de novembro de 2009, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, faise público o texto do Regulamento para a súa entrada en vigor:

REGULAMENTO INTERNO DA EMISORA MUNICIPAL DE FRECUENCIA MODULADA DA RADIO MUNICIPAL DE O VALADOURO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O artigo 25 da Lei 7/85, Reguladora de las Bases del Régimen Local, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local establece que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, materializándose a prestación dos servizos mediante as fórmulas de xestión que se establecen nos artigos 85 e seguintes da Lei anteriormente citada e Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 19 de xuño de 1955.

O sistema político español definido na Constitución de 1978, prevé a participación política a través da elección libre, directa e secreta, mediante sufraxio universal, das persoas que formaran parte das Institucións do Estado. A constitución declara o dereito da cidadanía a participar tamén de maneira directa na xestión dos asuntos públicos.

A Lei de 8 de abril de 1991 nº 11/91 desenvolve o artigo 20.3 da Constitución Española e regula

a organización e control de emisoras municipais, e por último completa o Réxime Xurídico das Emisoras Municipais que comezara na Lei 31/87 de 18 de decembro, de Ordenación das Telecomunicacións quen no seu artigo 26.3 apartado a) establecía que os servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, podrán ser explotados, en concurrencia, directamente, polas Administracións Públicas ou os seus entes públicos con competencia na materia, conforme á lexislación sobre medios de comunicación social, e indirectamente mediante concesión administrativa polas Corporacións Locais.

Asimesmo tivose en conta a Lei Orgánica 8 de abril de 1991 nº 10 (1991) sobre publicidade electoral en emisoras municipais de radiodifusión sonora.

Por último o Real Decreto 1.273/1992 de 23 de outubro regula o outorgamento de concesión e a asignación de frecuencia para a explotación do servizo público de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia; acolléndose a este Real Decreto.

Con este Regulamento o Concello de O Valadouro comprométese na profundización da democracia, no senso de complementar a democracia representativa coa democracia participativa. Entre todos e todas os veciños/as do Valadouro hemos de contribuir a consolidar unha cultura reforzada de diálogo que facilite a convivencia, a solidariedade, a tolerancia, a responsabilidade cidadá e os valores éticos, humanos e democráticos; reforzando o desenvolvemento humano e a preocupación polo ben común.

O presente Regulamento establece as normas necesarias para que a radio municipal como medio de comunicación local, actúe respetando os principios de obxectividade, veracidade e imparcialidade e garanta:

- A separación entre informacións e opinións, a identificación de quenes sustentan estas últimas e a súa libre expresión, cos límites que establece o artigo 20 da nosa Constitución.

- O respecto ó pluralismo político, relixioso, social e cultural.

- O respecto o honor, a intimidade das persoas, á propia imaxe e os demais dereitos e liberdades recollidos na Constitución.

- A protección da xuventude e da infancia e o respecto ós valores de igualdade recoñecidos no artigo 14 da Constitución.

CAPÍTULO I.

DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1. Definición.

A emisora municipal do Concello de O Valadouro é unha entidade funcional sen personalidade xurídica pro-

pia, de carácter cultural, educativo e informativo, acollida á lexislación vixente e ó presente regulamento interno, que presta, a través da súa programación, un servizo esencial ó pobo de O Valadouro.

A radio municipal, como complexo emisor, é un patrimonio de propiedade municipal que se xestiona, de conformidade co artigo 85.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local directamente polo propio Concello, sen prexuízo da colaboración externa que sexa precisa a través de contratos administrativos de servizos ou convenios de colaboración que no seu caso se celebren con particulares a efectos de facilitar a participación cidadana na elaboración e xestión dos programas.

De conformidade co disposto no artigo 67.1 a) do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais a xestión realizarase directamente pola propia Corporación sen órgano especial de administración o que implica:

- A Corporación asumirá a xestión ó seu propio risco e exercerá sen intermediarios e de modo exclusivo tódolos poderes de decisión e xestión, realizando o servizo mediante funcionarios de plantilla e obreiros retribuídos con cargo ós fondos do presuposto ordinario do Concello.

- O réxime financeiro do servizo desenvolverase dentro dos límites do indicado orzamento.

- A Corporación poderá designar un Administrador do servizo, que sexa funcionario de plantilla, sen facultades para o manexo de caudales nin para a adopción de resolucións.

Artigo 2.- Titularidade xurídica.

O Concello de O Valadouro ostenta a titularidade xurídica da emisora.

Artigo 3.- Domicilio.

O domicilio da emisora está no Centro Sociocultural Xuvenil e da Terceira Idade "Manuel Lourenzo" ubicada en Avenida Diputación número 4 de Ferreira do Valadouro.

Para a modificación do anterior domicilio requirírase o acordo do Pleno da Corporación.

CAPÍTULO II.

FINES DA EMISORA E PRINCIPIOS XERAIS DA ACTUACIÓN.

Artigo 4. Obxecto.

É a finalidade esencial da emisora municipal a radiodifusión destinada ó público en xeral, con fins culturais, educativos, artísticos e informativos, mantendo como obxectivos fundamentais da súa actuación os seguintes:

- A comunicación entre os homes e mulleres do Concello, en particular, e de toda a súa audiencia en xeral, informando de modo obxectivo e con imparcialidade política, das actividades da Corporación Municipal, así como do resto da información rexional, nacional e internacional.

- Estimular a participación cidadana na vida municipal, facilitando o acceso á emisora das persoas ou grupos que o soliciten a través dos pertinentes convenios de colaboración con asociacións veciñais e particulares, sen prexuízo de salvaguardar a planificación e ordenación das emisións e programas previstos desde a organización interna da emisora.

- Promocionar a cultura e o deporte a nivel local e en todas as súas facetas, a través de cantos programas sexan necesarios, facilitando a participación cidadana das diferentes asociación, grupos culturais e deportivos da cidade.

- Emitir programas de carácter recreativo e musical, dentro dos límites mínimos de calidade.

- Facilitar a comunicación intercultural a efectos de lograr unha adecuada integración social dos cidadans inmigrantes no municipio.

Artigo 5. Principios xerais de actuación.

A emisora municipal recibirá o nome de "Radio Valadouro, Onda Cidadá" e na súa actuación axustarase os seguintes principios:

a) A obxectividade, veracidade e imparcialidade das información.

b) A clara separación entre informacións e opinións, a identificación de quen sustentan estas últimas así como a súa libre expresión, cos límites do apartado 4 do artigo 20 da Constitución Española de 1978.

c) O respecto ó pluralismo político, relixioso, cultural e lingüístico.

d) O respecto á honra, a intimidade das persoas, a imaxe pública das mesmas e demais dereitos e liberdades fundamentais recoñecidos na Constitución.

e) A protección da xuventude e da infancia así como dos dereitos e a dignidade da muller e a promoción efectiva da igualdade sen distinción de sexo.

f) O respecto ós valores de igualdade recollidos no artigo 14 da Constitución.

CAPÍTULO III.

DOS DIFERENTES ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN, CONSULTA E SEGUIMIENTO.

Artigo 6. Organigrama de Radio Valadouro Onda Cidadá.

Radio Valadouro estruturase a través do seguinte organigrama:

a) Pleno do Concello.

b) Alcalde.

c) Comisión de seguimento.

d) Responsable da radio.

Artigo 7. Das competencias do Pleno do Concello.

O Pleno do Concello de O Valadouro ostentará en relación coa emisora municipal, as seguintes competencias fundamentais:

- Velar que o funcionamento da radio se acomode ós principios de actuación establecidos no artigo 5 do presente Regulamento.

- Aprobar a consignación anual destinada á Emisora con motivo da aprobación do orzamento xeral do Concello para a anualidade correspondente e integrada dentro deste último.

- Aprobar os precios públicos e tarifas que se poidan establecer pola prestación do servizo.

- Calquera outra que veña establecida pola lexislación vixente.

Artigo 8.- Das competencias do Alcalde.

Será competente para:

- Convocar e presidir as sesións da Comisión de seguimento.

- Dirixir, impulsar e inspeccionar o servizo recabando os asesoramentos técnicos que considere necesarios.

- Poderá contratar e despedir ó persoal laboral da emisora e asignar o mesmo ós distintos postos previo informe da Comisión de seguimento e dando conta ó Pleno para a súa aprobación.

- Aprobar previo informe da Comisión de seguimento a parrilla de programación a emitir na radio.

- Desenvolver a xestión económica do servizo conforme ó orzamento aprobado.

- Cantas outras funcións lle sexan conferidas pola lexislación vixente.

O Alcalde pode delegar as súas atribucións no Concelleiro de Cultura nos termos que se contemplan no artigo 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro.

Artigo 9. Natureza e composición da Comisión de seguimento.

A Comisión de seguimento é un órgano de carácter consultivo e cuio obxecto é o informe e consulta de todas aquelas decisións que en relación coa emisora municipal lle competen ó Alcalde-Presidente ou concelleiro delegado de Cultura ou ó Pleno do Concello.

A Comisión estará integrada polos seguintes membros:

Presidente. O Alcalde ou concelleiro delegado de Cultura.

Un representante de cada partido político con representación na Corporación Municipal.

O responsable da radio municipal que actuará con voz pero sen voto.

Secretario. O Secretario-Interventor do Concello ou funcionario en quen delege que actuará con voz pero sen voto.

Artigo 10. Funcións da Comisión de seguimento.

As funcións principais da comisión de seguimento entre outras son as seguintes:

a) Propoñer anualmente ó Pleno da Corporación a consignación no presuposto xeral da Corporación das partidas orzamentarias que sexan necesarias para a adecuada prestación do servizo.

b) Revisar xunto co responsable da radio a proposta de parrilla de programación e elevar a mesma ó órgano competente para a súa aprobación.

c) Estudiar e formular suxerencias sobre os diferentes espazos institucionais para un maior coñecemento, por parte da opinión pública do desenvolvemento do municipio de O Valadouro.

d) Informar e dictaminar sobre todos aqueles asuntos que en relación coa emisora municipal requiran unha decisión do Alcalde-Presidente e do Concello Pleno.

Artigo 11.- Constitución da Comisión de seguimento.

A Comisión de seguimento constituirase no prazo máximo dun mes, a partir da entrada en vigor do presente Regulamento.

Artigo 12.- Periodicidade das reunións.

A Comisión reunirse ordinariamente con periodicidade trimestral, podendo tamén celebrar sesións extraordinarias por decisión do seu Presidente/a ou a petición de calquera dos concelleiros integrantes da Comisión sen que ningún deles poida solicitar máis dunha sesión por ano.

Artigo 13.- Réxime de funcionamento.

No non previsto no presente regulamento a Comisión de seguimento axustará o seu funcionamento ás determinacións do título IV, Sección Terceira do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CAPÍTULO IV.

DO PERSOAL DA RADIO VALADOURO.

Artigo 14.- Do responsable da Radio Valadouro.

Dentro do organigrama de persoal municipal e baixo a dependencia directa da concellaría de Cultura existirá o posto de responsable técnico da Radio Valadouro sendo función primordial do mesmo a responsabilidade

do funcionamento, programación, emisión realización e desenvolvemento dos programas. Analizará os proxectos de novos programas presentados por calquer persoa ou colectivo para ser debatidos na Comisión de seguimento. Asimismo fará chegar a cada un dos membros da Comisión, nos meses de xuño e decembro de cada ano, unha memoria de resultados do servizo durante o período semestral anterior, expresando os medios materiais e humanos utilizados, programación, ingresos e gastos e cantos outros datos permitan apreciar a realización da xestión do servizo.

Artigo 15.- Do persoal da Radio Valadouro.

O persoal da emisora estará integrado por:

a) Persoal propio do Concello asignado ó servizo da Emisora Municipal a través da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo.

b) Colaboradores voluntarios que desempeñen a súa actividades sen remuneración nen dependencia laboral ou administrativa co Concello de O Valadouro a través de convenios de colaboración que, no seu caso, se celebren cos particulares a efectos de facilitar a participación cidadana na elaboración e xestión de programas.

c) Colaboradores honoríficos.

Artigo 16.- Colaboradores honoríficos.

Poderán nomearse colaboradores honoríficos a aquelas persoas que, polos seus coñecementos sobre determinadas materias, interese por adquirir coñecementos radiofónicos ou calquera outra circunstancia, fagan aconsellable propoñer o seu nomeamento.

O nomeamento axustarase o procedemento establecido no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de O Valadouro e será honorífico, gratuito e sen que os designados obteñan ningún tipo de dereito adquirido.

CAPÍTULO V.

DA UTILIZACIÓN DA EMISORA MUNICIPAL POLOS REPRESENTANTES POLÍTICOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Artigo 17. Do espazo na radio e páxina web do Valadouro.

Enténdese por espazo na radio ó tempo mensual que se debe otorgar a cada un dos grupos políticos con representación no Consistorio Municipal.

O dito espazo en radio queda establecido nunha entrevista mensual cunha duración máxima de 15 minutos.

Enténdese por espazo en páxina web ó número de palabras que se deben outorgar a cada un dos grupos políticos con representación no Consistorio Municipal.

O dito espazo en páxina web queda establecido nun artigo ó mes cun máximo de 400 palabras. Estes artigos publicaranse como noticia, pasando posteriormente á sección que corresponda.

Dacordo co establecido na Lei, estes espazos só poden ser utilizados durante período non electoral, pois nos períodos electorales estarase ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral e demais normativa vixente que regula dita materia.

Artigo 18.- Dos partidos políticos con dereito a espazo en radio.

Cada partido político que ostente representación no Pleno da Corporación ten dereito ós espazos que se fan referencia no artigo 1 do presente Regulamento, con independencia do número de concelleiros que teña. Este dereito non corresponderá ós concelleiros que poidan actuar en algún momento en calidade de independentes ou que pasen a integrar o denominado grupo mixto, en aras de evitar o transfugismo político.

Estos espazos non poderán ser utilizados por persoas distintas ós concelleiros que conforman o Consistorio, non admitíndose a súa utilización por outras persoas do propio partido político ou de asesores.

Artigo 19.- Da difusión das opinións, propostas, planteamentos, etc ...

Os espazos postos a disposición dos grupos políticos municipais son exclusivamente para a difusión de opinións, propostas, planteamentos, etc. dos mesmos. Este dereito debe ser exercido libremente dentro do marco da Lei e da Constitución, e non estará suxeito a ningún tipo de limitación nin censura por parte da dirección ou do equipo de goberno.

Non se permitirá utilizar o espazo para agraviar a outras organizacións políticas ou institucións públicas ou privadas, ou agraviar a honra de persoas individualmente consideradas.

Artigo 20.- Da emisión dos espazos e os aspectos técnicos.

A difusión das propostas e planteamentos realizarase a través do medio que cada concelleiro/a estime máis convinte, ben realizando entrevistas coa colaboración dos profesionais do medio, ben mediante a difusión de textos. En ningún caso se poderá exceder do tempo ou do espazo fixados no presente Regulamento.

Artigo 21.- Entrega de material informativo ós medios de comunicación.

A entrega do material informativo ós medios de comunicación, deberá realizarse cunha antelación non menor a cuarenta e oito horas da data prevista para a súa emisión, se se trata de grabacións. No caso de textos escritos, entregarase cunha antelación de 5 días naturais á data fixada para a súa maquetación.

No caso de verificarse fallos técnicos ou de calidade que impidan a súa difusión, o grupo político municipal terá un prazo máximo de 24 horas para subsanalas, caso contrario perderá o seu dereito ó espazo asignado.

Artigo 22. Da orde de aparición dos grupos políticos municipais.

A orde de aparición dos grupos políticos nos medios de comunicación establecerase en turnos aleatorios sendo a orde de menor a maior número de concelleiros para a primeira difusión en cada nova lexislatura.

Artigo 23. Dos horarios de transmisión do espazo.

Na radio as transmisións deberá realizarse nun día fixo, entre o luns e o venres de cada mes ambos inclusive, preferentemente na 2ª semana do mes e comprendendo a totalidade dos partidos políticos con representación no Concello de O Valadouro.

As sesións plenarias emitiranse en diferido, as ordinarias o mércores inmediatamente seguinte ó día da celebración da sesión e as extraordinarias ás 72 horas hábiles posteriores á celebración da mesma.

Na radio o non uso do tempo asignado a cada partido, no día e no horario establecidos, en ningún caso dará dereito a reprogramación ou reasignación de espazos en días e horarios distintos os establecidos no cronograma aprobado.

Artigo 24.- Da renuncia, omisións e inasistencias.

Os grupos políticos que deixen de enviar o seu material ó medio de comunicación correspondente perderán o uso do espazo de ese mes sen responsabilidade alguna para o medio de comunicación, ó cal revertirá o espazo para a súa programación.

CAPÍTULO VI.

RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 25. Réxime económico da emisora.

A emisora poderá contar para o seu funcionamento cos ingresos comerciais provintes da publicidade que se consignaran anualmente no orzamento xeral da Corporación sen prexuízo de outras asignacións orzamentarias necesarias para a adecuada prestación do servizo.

As tarifas de publicidade deberán ser aprobadas polo Pleno da Corporación.

O Pleno do Concello poderá establecer unha conta restrinxida para gastos de funcionamento nos termos que se establezan nas bases de execución do orzamento.

Artigo 26. Bens e equipos.

Para o desenvolvemento das actividades radiofónicas Radio Valadouro conta cos bens e equipos que se enumeran no anexo I do presente Regulamento.

A adquisición de novo equipamento realizarase polo órgano competente con suxección as normas establecidas na Lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público previa proposta do responsable da radio e informe favorable da Comisión de seguimento.

CAPÍTULO VII.

DA PROGRAMACIÓN.

Artigo 27. Directrices de programación.

O Alcalde poderá facer que se programen e difundan cantas declaración e comunicación oficiais de interese público estime necesarias, con indicación da súa orixe. Por razóns de urxencia, apreciadas polo propio Alcalde, estes comunicados e declaracións terán carácter inmediato.

Artigo 28. Normas de programación.

Co fin de facilitar a participación vecinal na programación da radio resérvase un espacio na parrilla de programación de 10 horas semanais para a realización de programas por persoas, grupos ou colectivos que o desexen. Con carácter xeral ditos programas deberán finalizar antes das 22:30 horas salvo casos excepcionais que non poderán exceder dun programa por semana. No caso de que as solicitudes de realización de programas excedan do tempo reservado e sempre que se consideren adecuados polo responsable da radio poderá adecuarse a frecuencia de emisión solicitada co fin de permitir a maior participación posible.

Os temas e guións de programación poderán ser de calquera índole co único límite do respecto ós principios establecidos no artigo 5 do presente Regulamento.

A emisora municipal non se fai responsable das consecuencias xurídicas ou de calquera outro tipo que se deriven das actuacións e opinión verquidas en programas elaborados por persoas ou grupos.

Artigo 29. Tramitación de solicitudes de programas.

Para a realización dun programa de radio deberá presentarse unha pequena memoria na que se inclúa:

- a) Tipo de programa e guión.
- b) Frecuencia de emisión.
- c) Duración do programa en horas e días.
- d) Persoa, persoas ou grupos que realizarán dito programa.

O responsable da radio informará sobre o contido dos programas recibidos e sobre o que considere máis adecuado nese momento, á Comisión de seguimento.

A Comisión de seguimento será a responsable de aprobar a viabilidade do programa presentado e avalado polo responsable da radio.

Artigo 30.- Realización de programas.

Poderá realizar o programa radiofónico toda persoa, persoas ou grupo de persoas que recibisen o informe favorable da Comisión de seguimento.

Someteranse en todo o seu desenvolvemento ás indicacións técnicas do responsable da radio.

Os programas quedarán grabados a disposición do público durante as 72 horas seguintes á súa emisión. Po-

dendo despois Radio Valadouro conserva-lo ou borra-lo segundo considere.

Todo programa realizado quedará en propiedade de Radio Valadouro non podendo o seu autor reclamar dito programa nen os dereitos de autoría.

CAPÍTULO VIII.

UTILIZACIÓN DE BENS E EQUIPOS.

Artigo 31.- Utilización de equipos.

A utilización da infraestrutura técnica de Radio Valadouro correrá a cargo do responsable da radio.

Só poderán utilizarse os equipos para a realización exclusiva de programas de radio.

Non poderán sacarse do recinto os equipos que a xuízo técnico poideran ser obxecto dun uso inadecuado polas súas características.

Poderán utilizarse e sacarse fora do recinto aqueles equipos que estando destinados a tal fin, sexan para o desenvolvemento dun programa, contando para elo coa autorización expresa do responsable da radio e rellenando a ficha ó efecto.

Poderán utilizar os equipos aquelas persoas ou grupos que o director estime conveniente, sempre e cando teñan os mínimos coñecementos técnicos esixidos.

Artigo 32.- Discografía.

Todo o material discográfico será propiedade do Concello de O Valadouro.

A compra de material discográfico realizarase polo responsable da radio.

Levarase a cabo un control estrito de todas as entradas e saídas que se produzan no material discográfico nos libros de altas e baixas que se habiliten ó efecto.

Non se permitirá o préstamo de material discográfico a particulares; salvo coa autorización expresa do responsable da radio e sempre e cando sexa para a utilización nun programa de radio.

CAPÍTULO IX. DEREITO DE RECTIFICACIÓN.

Artigo 33. Exercicio do dereito de rectificación.

Que sufrirá unha lesión directa e expresa nos seus lexítimos intereses morais, en virtude de datos ou feitos contrarios á verdade e difundidos a través dunha información radiofónica, poderá solicitar por escrito, no prazo de sete días, dende a difusión da información, que sexa transmitida a correspondente rectificación.

A petición de rectificación, que deberá acompañarse da documentación en que se base ou conter a indicación do lugar en que esta se atope, se dirixirá o responsable da radio que deberá pronunciarse no prazo máximo de 48 horas.

A denegación da rectificación polo responsable da radio, dará acceso a solicitar a mesma rectificación da Comisión de seguimento quen resolverá no prazo de 48 horas.

A difusión, no seu caso, da rectificación que acorde a Comisión de seguimento suxeitarase ás esixencias que

deriven da natureza do medio e das necesidades obxectivas da programación.

Acordada a rectificación deberá ser emitida no prazo de 48 horas.

ANEXO I. INVENTARIO DE BENS EXISTENTES NA EMISORA MUNICIPAL DE FERREIRA DO VALADOURO

Nº Orden	Unidades	Descrición	Modelo	Nº Serial
1	1	Fax	Canon SL300	
2	1	Buc 4 caixóns		
3	1	Buc 3 caixóns		
4	1	CPU	Lie Li	
5	1	Teclado	Logitech	Mct24708028
6	1	Ratón	Logitech	Hs8231206vy
7	1	Sistema de Alimentación ininterrumpida	Lieber	
8	1	Sintonizador	Sony ST-SE520	
9	1	Sintonizador	Aiwa 9500	20924049
10	1	Combo DVD	Samsung SV-DVD440	6skxa0461a
11	1	Pantalla TFT 14"	Belinea	
12	1	Mesa de Mezclas	Itame sierra 19 canales	
13	1	Mesa de Mezclas	Itame sierra 13 canales	
14	1	Híbrido Telefónico	AEQ TH02EX	59161
15	1	Reproductor CD doble	Akiyama	e5a8050090
16	1	Reproductor CD- MP3	Denon DN-D6000	8221505804
17	2	Platos reproductor discos de vinilo	Technics SL-1200MK2	Ge3gq28623 Ge3dn24465
18	2	Altavoces pequenos		
19	1	Impresora	HP3845	C9037a-b03
20	1	Reproductor cassette simple	Jvc kd-D2E	156a2612
21	1	Reproductor cassette doble	Sherwood DD-1130	6051*0100068
22	1	Mesa mostrador con seis estanterías de 4 m.		
23	1	Mesa mostrador de 4 m		
24	1	Amplificador	Sony SPEAKERS	
25	1	Amplificador	NAD 3020 I	F302026110
26	3	Fuentes de Alimentación	Itame	89042610 89042611 89042615

27	1	Rack	15 entradas RCA dobles 24 entradas XLR 6 Salidas RCA dobles 6 salidas XLR	
28	1	Rack	4 entradas RCA dobles 16 entradas XLR 9 Salidas RCA dobles 6 salidas XLR	
29	1	Amplificador sinal	STL 7771	395/10
30	1	Etapas de potencia de 300 W	Ite 10	
31	1	Excitador de 20W	Itame F.M. Exciter Ex 20B Galaxy	133/01
32	1	Generador de Stereo	Itame GE90 Galaxy	9193414203
33	1	Generador de Stereo	Itame GE90 Galaxy	
34	1	Amplificador de sinal	Itame F.M. Power Stage 100W EP 100 Galaxy	91110510
35	1	Amplificador de sinal	Itame F.M. Power Stage 300W EP 300 Galaxy	93414201
36	1	Fuente de alimentación Televés Star 93	3 Star93 satellite receiver 3 radio sat FM receiver	86088
37	1	Torre Rack 19 pulgadas	Itame	93202401
38	1	Mesa de mezclas	Itame 4 canales stereo modular	87032402
39	3	Mesa en forma de "V" madeira con patas metálicas sen caixóns		
40	7	Sillas azuis con respaldo, brazos e rodas		
41	3	Sillas azuis con respaldo, sen brazos e sen rodas		

42	3	Micrófonos	AKG TPS D3700S	
43	2	Micrófonos	AKG D3700M	
44	1	Micrófono	Philips SBC MD650	
45	4	Auriculares stereos	K141 studio 55 ohms	
46	2	Auriculares stereos	K141 studio 600 ohms	
47	2	Altavoces	Rosound RG1200-4	
48	2	Altavoces		

49	1	Amplificador	Itame EP600 Galaxy 600W	
50	1	RDS	Vimesa Mod Discovery	010302
51	1	Amplificador línea	AEQ RA 12	19051

Contra a aprobación do presente Regulamento de conformidade co establecido no artigo 107.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común só se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación do texto da disposición impugnada no Boletín Oficial da Provincia e na forma establecida nas normas reguladoras de dita xurisdicción.

Non obstante tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a dereito, competente.

O Valadouro, a 26 de xaneiro de 2010.- O ALCALDE, Eulogio Fernández Sampayo.

R. 00410

CONSORCIO LOCAL OS PEARES

(LUGO-OURENSE)

Edicto

Unha vez que se aprobou definitivamente polo Consello Xeral o orzamento para o exercicio económico de 2010 mediante acordo adoptado en sesión celebrada na data de 26 de novembro de 2009, dándolle cumprimento ó que dispón o artigo 169.3 del Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos coma en Ingresos, á contía de OITENTA E SETE MIL TRESCENTOS VINTE euros (87.320 €); correspondéndolle a cada capítulo as cantidades que a seguir se expresan, segundo detalla:

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1.- Gastos de persoal	19.700,00
Cap. 2.- Gastos de bens correntes e servizos	35.140,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	3.600,00
Cap. 4.- Transferencias correntes	7.560,00
Cap. 6.- Inversións reais	7.000,00
Cap. 7.- Transferencias de capital	-----
Cap. 8.- Activos financeiros	-----
Cap. 9.- Pasivos financeiros	14.320,00
TOTAL GASTOS	87.320,00

ESTADO DE INGRESOS

Cap. 1.- Impostos directos	-----
Cap. 2.- Impostos indirectos	-----
Cap. 3.- Taxas e outros ingresos	-----
Cap. 4.- Transferencias correntes	87.320,00
Cap. 5.- Ingresos patrimoniais	-----

Cap. 6.- Alleamento de investimentos reais	-----
Cap. 7.- Transferencias de capital	-----
Cap. 8.- Activos financeiros	-----
Cap. 9.- Pasivos financeiros	-----
TOTAL INGRESOS	87.320,00

Na devandita sesión, tamén se acordou aproba-lo cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, segundo o que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, reproducése a continuación:

Persoal laboral (1/2 xornada): Auxiliar en tarefas diversas non programadas.

Os Peares, a 20 de xaneiro de 2010.- O Presidente, Manuel Seoane Rodríguez.

R. 00421

MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS

RIO OURO

ALFOZ-O VALADOURO

Edicto

Habendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno da Mancomunidade o orzamento para o exercicio económico de 2010, por acordo adoptado en sesión ordinaria, celebrada o día 22 de decembro de 2009, en cumprimento o que dispón o Art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, a contía total de 12.503,00 €, correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal	3,00 €
2	Gastos en bens ctes. e servizos	12.500,00 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	0,00 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
6	Inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL GASTOS		12.503,00 €

ESTADO DE INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	0,00 €
2	Impostos indirectos	0,00 €
3	Taxas e outros ingresos	0,00 €
4	Transferencias correntes	12.502,00 €
5	Ingresos patrimoniais	1,00 €
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enaxenación de inversións reais	0,00 €
7	Transferencias de capital	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL INGRESOS		12.503,00 €

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar a plan-tilla e relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a con-tinuación:

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Denominación do posto de traballo	Dotación	Grupo	Retribución anual
Habilitación Nacional:			
Secretaría-Intervención	1	A2	- €

Alfoz, a 25 de xaneiro de 2010.- O Presidente, Emilio Lousas Muiña.

R. 00440

Administración de Justicia
AUDIENCIA PROVINCIAL DE LUGO

Sección 001

N.I.G.: 27028 37 1 2009 0100323.

ROLLO: RECURSO DE APELACIÓN (LECN) 0000314/2009.

Juzgado procedencia: JDO. 1ª INSTANCIA N.º 2 de LUGO.

Procedimiento de origen: PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000724/2004.

RECURRENTE: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. BBVA.

Procurador: MANUEL MOURELO CALDAS.

Letrado/a:

RECURRIDO: TRANSPORTES RODRÍGUEZ CASANOVA DE LUGO, S.L., ÁNGEL VÁZQUEZ CARBALLEIRA.

Edicto

DON JOSÉ ALBERTO GARCÍA TOBIO, Secretario de la Audiencia Provincial de Lugo.

CERTIFICO: Que la Sala de esta Audiencia Provincial en los autos que se dirá, dictó sentencia cuyo enca-bezamiento y parte dispositiva dicen así:

Lugo, a veinticinco de noviembre de dos mil nueve. La Ilma. Audiencia Provincial de Lugo ha visto en grado de apelación el rollo de sala n.º 314/2009, dimanante del juicio ordinario n.º 724/2008 seguido en el Juzgado de Primera Instancia n.º dos de Lugo sobre reclamación de cantidad; siendo apelante el demandante BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., representado por el procurador Sr. Mourelo Caldas y asistido del letrado Sr. Fernández Casanova y apelados los demandados TRANSPORTES RODRÍGUEZ CASANOVA DE LUGO S.L. y ÁNGEL VÁZQUEZ CARBALLEIRA en rebeldía; actuando como ponente la Presidenta, Ilma. Sra. doña María Josefa Ruíz Tovar.

FALLAMOS:

Estimando el recurso de apelación articulado, se revo-ca en parte la sentencia dictada por el Juzgado de Primera Instancia n.º dos de Lugo de 10-1-2009, conde-nando solidariamente con la entidad mercantil al admin-istrador Ángel Vázquez Carballeira más los intereses moratorios desde la reclamación del saldo deudor, al tipo pactado en la póliza (29% anual), con expresa imposi-ción de costas en 1ª instancia, y sin hacer una expresa imposición de costas en la alzada. Así por esta nuestra sentencia, de la que se unirá testimonio al rollo de sala, lo pronunciamos, mandamos y firmamos. Siguen firmas.

Y para que sirva de notificación a TRANSPORTES RODRÍGUEZ CASANOVA DE LUGO, S.L., ÁNGEL VÁZQUEZ CARBALLEIRA, declarados en rebeldía civil, cuyo/s domicilio/s se ignoran, de conformidad con el artí-culo 497.2 de la Ley de Enjuiciamiento Civil, libro el pre-sente en LUGO, a veinticinco de enero de dos mil diez.- LA PRESIDENTA, ilegible.- EL SECRETARIO, ilegible.

R. 00434

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

BECERREA NUM. 1

13550.

N.I.G.: 27006 1 0100008/2010.

Procedimiento: EXPEDIENTE DE DOMINIO. INMATRICULACION 0000006/2010.

Sobre OTRAS MATERIAS.

De D/ña.

Procurador/a Sr/a.

Edicto

DOÑA JIMENA COUSO RANCAÑO, JUEZ DEL JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA Nº 001 DE BECERREA.

HAGO SABER: Que en este Juzgado se sigue el procedimiento EXPEDIENTE DE DOMINIO. INMATRICULACION 6/2010 a instancia de AMABLE FERNANDEZ GONZÁLEZ, para la inmatriculación de las siguientes fincas:

a).- FONCHAVE, sita en el pueblo de Regosmil, parroquia de Fontarón, municipio de Becerreá (Lugo), destinada a prado y pasto, de la superficie aproximada de una hectárea, noventa áreas y cuarenta y ocho centiáreas, que linda al Norte, con Amable Gómez Fernández; al Sur, con pista de Regosmil; al Este, con carretera CP-04-04; y al Oeste, con Decoroso González Fernández y Antonio Alvarez Rivero.

Referencia catastral.- 27006A042000320000AD.

